



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE MARZO DE 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D ^a , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e un de marzo de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede de actas de sesións anteriores (24/01/2018 e 28/02/2018).


Dáse conta das actas dos plenos celebrados o 24/01/2018 e 28/02/2018 que se aproban por unanimidade.

2º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía núm. 123/18 polo que aproba o proxecto modificado da obra de *Acondicionamento de espazo público en Fontao (Plan Complementario do POS+ 2018)*.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 123/18 polo que aproba o proxecto modificado da obra de *Acondicionamento de espazo público en Fontao (Plan Complementario do POS+ 2018)* que di o seguinte:

“O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día quince de decembro de dous mil dezasete acordou participar no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2018.

Visto o requirimento da Deputación Provincial sobre erro no apartado de xestión de residuos de construción e demolicións, xa se imputa unha cantidade de residuos pétreos



no proxecto de *Acondicionamento de espazo público en Fontao (Expdte: 2017000019762)*.

Dado que se trata dun erro material que non afecta ao orzamento nin á natureza e obxecto do proxecto, en función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente, e sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno

RESOLVO

Aprobar o proxecto corrixido de *Acondicionamento de espazo público en Fontao (Expte: 2017000019762)* redactado polo arquitecto don Fermín González Blanco, cuxo orzamento ascende á cantidade de 293.011,53 euros”.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE entende que é unha corrección técnica e o seu grupo vai ser coherente co voto emitido na comisión polo que se van abster.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sinal que no seu momento votaron en contra do proxecto do POS e ao ser un proxecto que vai incluído no mesmo, vai votar en contra.

Posto a votación, apróbase con sete votos a favor do PP, catro abstencións do PSdeG-PSOE e un voto en contra do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.


3.- Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM denominada *Modificación de aliñacións e espazos públicos asociados a dotacións e equipamentos nos núcleos de San Fins de Sales, Santa Cruz de Ribadulla, Tomonde, O Coto e San Pedro de Sarandón.*

Dáse conta do informe da comisión informativa de urbanismo e plans celebrada o dezanove de marzo.

Considerando que mediante providencia da Alcaldía de data 22 de xullo de 2016, se manifestou a necesidade e conveniencia con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a **modificación puntual** do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de Xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número 99 do 24/05/07), denominada MODIFICACIÓN DE ALIÑACIÓNS E ESPAZOS PÚBLICOS ASOCIADOS A DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS NOS NÚCLEOS DE SAN FINS DE SALES, SANTA CRUZ DE RIBADULLA, TOMONDE, O COTO E SAN PEDRO DE SARANDÓN, neste termo municipal, que afecta a diversos ámbitos, nos termos do proxecto redactado por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto.

Considerando que a modificación puntual proposta se axusta ao disposto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Logo de remitido o proxecto ao órgano ambiental competente que se pronunciou resolvendo a non necesidade de someter a modificación puntual obxecto do expediente a avaliación ambiental estratéxica, a través da resolución do 9 de decembro de 2016 pola que se formulou o informe ambiental estratéxico (expte.: 2016AAE1931, código



web 1856/2016) e publicada no DOG número 4, do 5 de xaneiro de 2017, e que consta no expediente.

Realizada a tramitación legalmente establecida, por acordo do Pleno de data 22 de febreiro de 2018 aprobouse INICIALMENTE a modificación puntual.

Logo de que Diario Oficial de Galicia número 71, de data 11 de abril de 2017 e no xornal La Voz de Galicia de data 22 de marzo de 2017, se publicase o anuncio polo que se expoñía ao público, durante o prazo de dous meses, o proxecto da MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM mencionada no parágrafo primeiro para os efectos de que puidera ser examinado polos interesados e se puideran presentar as alegacións que se estimaran convenientes; que simultaneamente se trasladase a documentación ao órgano autonómico competente para as actuacións previstas no artigo 60.7 da mencionada Lei 2/2016, do 10 de febreiro; e que ao mesmo tempo o concello solicitase os informes sectoriais preceptivos.

Logo de que durante o prazo de exposición ao público, comprendido entre os días 12 de abril e 13 de xuño de 2017, non se achegase alegacións ao expediente, tal e como figura na certificación emitida por Secretaría.

Logo de que fosen recibidos os seguintes informes sectoriais:

- RXE número 399 de data 6/4/2017, remitido por Subdirección General de Redes y Operadores de Telecomunicaciones.
- RXE número 536 de data 2/5/2017, remitido polo Servizo de Montes.
- RXE número 602 de data 9/5/2017, remitido pola Deputación Provincial de A Coruña.
- RXE número 1052 de data 6/7/2017, remitido por Dirección General de Aviación Civil.
- RXE número 1248 de data 24/8/2017, remitido polo Servizo de Urbanismo ao que se xunta informe da Dirección Xeral de Urbanismo do trámite previsto na Lei 2/2016, do solo de Galicia e ao que se xuntan os seguintes informes:
 - Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
 - Axencia Galega de Infraestruturas.
 - Instituto de Estudos do Territorio.
 - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
 - Concello de Boqueixón.
- RXE número 297 de data 6/3/2018, remitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- RXE número 299 de data 6/3/2018, remitido pola Demarcación de Estradas do Estado.

Logo de emitidos os informes técnico e xurídico previstos no artigo 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e á vista do disposto na mesma en canto á aprobación provisional, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o proxecto de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de este concello denominada MODIFICACIÓN DE ALIÑACIÓNS E ESPAZOS PÚBLICOS ASOCIADOS A DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS NOS NÚCLEOS DE SAN FINS DE SALES, SANTA CRUZ DE RIBADULLA, TOMONDE, O COTO E SAN PEDRO DE SARANDÓN, nos termos do expediente tramitado e do proxecto redactado para tal efecto polo Arquitecto Fermín González Blanco de data do 7 de marzo de 2018.



SEGUNDO. Unha vez dilixenciado, elevar o expediente da mencionada modificación puntual do PXOM, xunto cos proxectos, á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

A Comisión de Urbanismo e Plans informa favorablemente a citada proposta, coas abstencións do PSdG-PSOE e BNG.”

A Presidencia sinala que é un tema xa debatido no seu momento e que xa recibiron todos os informes que estaban pendentes de un de Fomento, máis unhas modificacións que pediran por parte de Patrimonio relacionadas co colexio de Santa Cruz de Ribadulla e co cemiterio de San Pedro de Sarandón. Unha vez corrixidas continúa o procedemento.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que van ser coherentes e manter o voto que emitiron no seu día, polo que se van abster xa que non teñen claro que as edificacións de Tomonde cumbran as aliñacións do PXOM.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP e cinco abstencións do PSdeG-PSOE e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

4º.- Aprobación, se procede, de convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra para regular o proxecto *Parque Compostela de Arte Rupestre*.

A Presidencia sinala que queda pendente para o seguinte pleno polas razóns expostas na comisión correspondente.

5º.- Informe, se procede, sobre o programa de axudas e proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono.

Declárase a urxencia deste punto para incluír na orde do día.

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día seis de xullo de dous mil dezasete:

“Dáse conta do Real Decreto, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144/17, do 17 de xuño).

Ao amparo da mesma, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Participar e aceptar expresamente o procedemento regulado por este Real Decreto.

Segundo.- Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular *Renovación das instalacións de iluminación exterior pública do concello de Vedra*, cuxo orzamento ascende á cantidade de 995.539,60 euros (IVE engadido).

Terceiro.- Aprobar a memoria descritiva das actuacións a acometer.”



O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, considera irrespectuoso por parte do grupo de goberno que un proxecto de case un millón de euros haxa que sometelo ao procedemento de urxencia e que chegara á comisión informativa sen estar na orde do día. Di que é urxencia sobre urxencia, e trátase dun proxecto de un millón de euros que non se presenta todos os días. O seu voto vai ser en contra.

A Presidencia manifesta que a urxencia vén dada por unha serie de requirimentos cunhas datas moi concretas, que había que votar en Pleno, e non se meteu na comisión porque aínda non chegara o requirimento no momento no que se convoca a comisión. En calquera caso o proxecto é unha réplica do que se debateu no pleno pasado en relación a esa cuestión. A urxencia vén marcada por un tema formal.

Posta a votación a urxencia para incluílo na orde do día, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e un voto en contra do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

O Sr. Secretario di que na solicitude de subvención piden a ratificación polo Pleno, así como que se certificase a dispoñibilidade de crédito ou que se adoptase un compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar o proxecto.

A Presidencia sinala que a segunda cuestión de crédito suficiente é unha cuestión de formulismo, entre outras cousas porque as subvencións do IDAE poden ser de moitos tipos e neste caso é a primeira vez que subvencionan tamén a parte de inversión a través dunha ESE. O crédito xa está habilitado todos os anos porque é o pago que se fai da luz de douscentos mil euros anuais.

O Sr. Secretario di que se realmente se aprobase a subvención e o concello, por calquera razón, non habilitara crédito ou non tivera ese compromiso, poderían quedar parados eses cartos porque o concello non podería tramitar e adxudicar. Desta forma teñen a garantía de que se vai tramitar esa subvención.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que o seu grupo vai votar a favor porque consideran que calquera ingreso para o concello é bo. Matiza que aínda que votan a favor, non quere dicir que estean a favor dese contrato que vai hipotecar ao concello durante doce anos.

Sóalle raro, que despois de todas as suspicacias que xurdiron co tema do contrato, agora de repente o presente no pleno, e que esas cuestións non viñeran nas bases da convocatoria. Quere saber que crédito ten que habilitar o concello e se saben cando se van ter noticias de se conceden a subvención ou non.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, manifesta que o Alcalde por resolución da alcaldía aprobe unha acción de un millón de euros non é ético. O que denomina un asunto de mero trámite, en realidade é que o IDAE lle dixo á Presidencia que por decreto non podía aprobar unha acción para solicitar unha subvención por importe de un millón de euros e que ten que ser ratificado polo pleno. Tampouco é ético que o Alcalde, sen informar e consultar aos grupos da oposición acometa unha acción dun millón de euros.



Di que está en contra porque unha actuación dun millón de euros, a parte das dificultades de financiamento de crédito que ten e que supón que o concello non podería executar porque non disporía de crédito, se non fora porque vai privatizar a iluminación pública a través dunha ESE; e apesares diso esa actuación exclúe a calquera empresa local a participar no proxecto.

Proxecto destinado a unha gran empresa foránea e pregunta se estas accións son o xeito que ten o goberno local de fomentar a economía, actividade e o emprego local, ou se ten outro tipo de prebendas ou favores que se deben a esas grandes empresas.

Así mesmo, coincide co equipo de goberno en que a iluminación leva oito anos abandonada e precisa de reposición para mellorar a súa eficacia e a súa eficiencia enerxética, e a súa proposta sería fraccionar este proxecto en tres ou catro fases, en tres ou catro anualidades que serían perfectamente asumibles con crédito do concello coa axuda do IDAE e viables para a participación e execución de empresas locais.

Di que o seu voto vai ser en contra.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que a subvención non foi solicitada por decreto da Alcaldía, senón por Xunta de Goberno e non vai entrar nunha discusión xurídica co IDAE se a Xunta de Goberno é un órgano competente ou non para facelo; porque se perdería tempo.

Sinala que a acción en si mesma é a ESE, que foi o que se trouxo ao pleno pasado no que se discutiron as bases para licitar esa acción e se trouxeron os pregos. O que anunciou no pleno pasado é que se lle conceden a subvención do IDAE, aparte de renovar toda a iluminación, é onde gañarían cartos porque están subvencionando case a metade que é o que supón a inversión neste tempo todo.

No tema de habilitar créditos di que os créditos habílanse coa subvención automaticamente, polo que non hai ningún prexuízo para o concello. Se non hai subvención non hai crédito e se hai subvención hai crédito.

Di tamén que non teñen nin prebendas nin favores, e en canto ao comercio local cre que na medida das súas posibilidades estano favorecendo.

En contestación ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia di que o trouxeron agora porque foi cando chegou o requirimento nestes días. Se chegara antes, traeríano antes. Para el iso quere dicir que están valorando e estudando a solicitude. É a número cento vinte e catro das subvencións de toda España e ten a esperanza de que haxa unha resolución favorable, porque entre outros criterios fundamentais está o da temporalidade, é dicir, valoran as primeiras que van chegando.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que falou de ética non do tema xurídico e repite que non é ético que aprobe por decreto unha acción de un millón de euros.

Sinala que este asunto que é unha solicitude de subvención cun proxecto para renovar a iluminación pública por un millón de euros non ten nada que ver co que se aprobou no pleno anterior que é a adxudicación desa renovación, subministro e mantemento. Isto foi unha cociña previa e vincúlao porque sabe que o concello se non o executa pola vía da ESE non ten capacidade de crédito para executala. Tamén sabe que aínda que concedan a subvención o concello ten que poñer o 20%, e o concello non ten capacidade neste ano



2018 para habilitar 200.000 € para cubrir esta actuación e por iso a ten que meter neste contrato de obra, servizos e mantemento.

A Presidencia contéstalle que realmente ten moita imaxinación. Di que tiñan decidido hai tempo e viñan traballando niso, o tema da ESE. Foron ao IDAE porque é a primeira vez que subvencionan o capítulo que nas ESE van para inversións. Ese é o motivo.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, e un voto en contra do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

6º.-Informe, se procede, sobre corrección de erros no acordo plenario de desafectación do Centro de Saúde de Vedra.

Propónse a declaración de urxencia deste punto para incluír na orde do día.

Neste momento incorpórase ao Pleno o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA.

Apróbase a urxencia con once votos a favor de PP e PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

Detectados erros no acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de xaneiro, no punto 4º de aprobación inicial, se procede, da desafectación do Centro de Saúde de Vedra do dominio público e cesión do mesmo á Xunta de Galicia.

No primeiro parágrafo onde di “...para posterior cesión á Consellería de Sanidade.”, debe dicir “...para posterior cesión ao Servizo Galego de Saúde”

Engadir o seguinte parágrafo a continuación do primeiro: “A referencia catastral do ben que se pretende ceder é 2462302NH4326S0001GS. A parcela ten unha superficie de 1034 m2 e sobre dela está edificio destinado a Centro de Saúde cunha superficie construída de 445 m2, de planta baixa e cadrada.”

En canto aos acordos adoptados:

No apartado segundo, onde di “Aprobar inicialmente o expediente para a cesión do mencionado ben á Consellería de Sanidade, “ debe dicir “Aprobar inicialmente o expediente para a cesión do mencionado ben ao Servizo Galego de Saúde”,

E no apartado cuarto, onde di “De non presentarse alegacións no prazo establecido de exposición ao público, o expediente de desafectación e de cesión, consideraranse definitivamente aprobados” debe dicir “De non presentarse alegacións no prazo establecido de exposición ao público, o expediente de desafectación e de cesión, consideraranse definitivamente aprobados. E o concello modificará, de ser o caso, as ordenanzas fiscais pertinentes para a exención de impostos do mencionado inmovible.”

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que volverán ser coherentes co voto emitido no seu momento. O seu grupo vai votar a favor como fixo no pleno de xaneiro porque considera que a Consellería de Sanidade ten que facerse cargo dos gastos do centro de saúde, pero gustaríalles que solicitaran un compromiso por escrito por parte da consellería de que non o vai pechar despois da aprobación da nova lei sanitaria.

Sinala tamén, que non entende porque neste pleno hai tantas correccións de erros.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que o erro do pleno de xaneiro permítelle ao Sr. Alcalde unha segunda oportunidade de reconsiderar a decisión tomada naquel pleno.

Pídelle que se mudaron os hipotéticos compromisos que tiña da Consellería de Sanidade respecto ás melloras, ampliacións, dotación de máis recursos pode reconsiderar o seu



voto, que no seu momento foi en contra polas razóns expostas, de que as motivacións que presentaba para o goberno non se xustifican. Di que non é necesario que o local e a parcela sexa da Consellería de Sanidade ou do SERGAS para que fixera os investimentos pertinentes, que era a súa xustificación.

Por outro lado entende que mentres que a propiedade estea en mans do concello pode ser unha ferramenta de presión para que os servizos básicos non estean á libre decisión de pechalos, trasladalos ou centralizalos, como é a política do PP.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA di que vai votar en contra e pregunta como van facer para reter o centro de saúde cando se baixe dos 5.000 habitantes cando a propiedade non sexa do concello.

A Presidencia contesta que non o van pechar, senón que o van arranxar e asumir os gastos. Pregunta que ten que ver a propiedade co servizo. O servizo de saúde é un servizo da consellería que se presta nun determinado local, igual có servizo de educación. Todos saben que hai colexios nos que o edificio é propiedade do concello, como as unitarias, e que non é ningún sistema de presión o feito de que a propiedade sexa do concello, da Xunta ou de quen sexa.

A asunción de gastos si lle corresponde á consellería, por iso a transmisión e o feito do compromiso de arranxar e reformar o edificio. De feito, están interesados en poder arranxalo neste mesmo ano. Espera que cambien o seu voto.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA di que o Alcalde non ten compromiso con ninguén, que o ten o concello con eles a través do Sr. Alcalde. Di que non regale unha propiedade que é patrimonio de todos, construída sobre terreos que os veciños cederon para que fora patrimonio de todos.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE pregunta por que se cede o terreo se non ten nada que ver o servizo que está obrigada a consellería a prestar. Ese terreo é propiedade dos veciños e agora vanllo ceder á consellería cando acaba de dicir que non ten nada que ver o servizo coa propiedade, polo que entón non llo ceda.

A Presidencia di que o que si ten que ver é a asunción de gastos coa propiedade. Por iso todos os concellos o queren facer. É certo que eles poden facer as reformas aínda que a propiedade non sexa súa, pero van facelas antes en propiedades que sexan deles ca noutras. É o mesmo que pasa nos colexios e cre que son todo beneficios para o concello.

O Sr. Secretario di que o grave sería que fosen modificacións. Cando se tramitan subvencións, non se está a que eles que se poña SERGAS en vez de Consellería de Sanidade é unha cuestión técnica. O que si é certo é que o SERGAS depende da Consellería de Sanidade. Tamén queren que conste no acordo a referencia catastral e que se poña o da exención de impostos. Estanse facendo dúas cousas á vez: a desafectación e a cesión, porque entende que non poden ceder unha propiedade que é de uso e servizo público.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE pide desculpas por se sentou mal o comentario que fixo con anterioridade. Entende que haxa erros de escritura e mesmo conceptos que haxa que corrixir. O que lle parece máis grave é que haxa que facer modificacións en temas como que haxa que aprobar unha subvención de un millón de euros en pleno e pregunta se iso no saía nas bases da convocatoria. Fáiselle raro que en temas tan importantes como dita subvención cambien no transcurso da solicitude. Quere deixar claro que non pon en dúbida o traballo dos empregados municipais.



O Sr. Secretario di que non se sentiu directamente agraviado, pero neste caso non é unha cuestión na que se equivocaran. Di que hai unha circunstancia que convén que se saiba dende o punto de vista administrativo. Na tramitación administrativa, xa non é que a Xunta de Galicia, a Deputación teñan criterios distintos; senón que moitos departamentos teñen criterios distintos a outros, e aos concellos quédanlle dúas opcións: adaptarse ao que eles lles piden, e contra iso as administracións teñen os prazos; ou se presenta en prazo ou non hai nada, co cal en moitas ocasións hai que tramitar o expediente en cuestión e tirar para diante porque os criterios non son unánimes. Mesmo recorda que hai anos as distintas consellerías da Xunta de Galicia unhas subvencionaban o IVE e outras non.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

8.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a limpeza das casas de cultura do concello, a Presidencia di que normalmente quen as limpa son as entidades usuarias, sobre todo os locais que usan. Por parte do concello límpanse os espazos comúns e de forma esporádica debido a algunha actividade concreta. Na única casa que van unha vez á semana limpar os baños, entrada e corredor é a de Santa Cruz de Ribadulla debido ao uso continuado que fai o colexio, a biblioteca, as actividades municipais e a Escola de música.

É un tema, a limpeza, xestión, usos, etcétera, ao que xa levan tempo falando que deben ter unha reunión con todas as asociacións e usuarios das mesmas e regular e acordar os deberes e dereitos de todos. Había unha norma non escrita no referente ao uso dos salóns de actos que era que quen o usaba deixábo en condicións para un posterior uso. Esa norma hai entidades que a cumpren e outras que non.

2º.- Sobre o importe das facturas de Icafer, S.L. por obras de apoio á brigada de obras na estrada de Sarandón di que é de 6.606,60 € en dúas facturas.

--Ás preguntas pendentes do Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE di que quedan para o próximo pleno porque non tivo tempo de miralo con detemento.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a realización de roldas de identificación de sospeitosos de danos ou delitos na casa do concello, di que nestas dúas semanas preguntou a todos os departamentos do concello e ningunha persoa desta casa do concello realizou rolda de identificación algunha e moito menos na casa do concello. Di que lle queda por facer unha dilixencia de investigación que espera poder practicar en vindeiras datas e o resultado da mesma seralle transmitido, ben para pechar este asunto ou ben para practicar algunha dilixencia máis.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:



1º.- Sobre o retraso no asfaltado das vías municipais di que o funcionamento dos POS é así para ben ou para mal, no sentido de que o POS que se aprobe este ano no mes de outubro/novembro vai ser imposible executalo antes das eleccións municipais. Di que este ano co tema do asfaltado levan dende xaneiro, porque aínda que se limparon as pistas non puideron executalo porque non se deron as condicións climatolóxicas correctas.

2º.- Sobre se ten algún proxecto realizado para os 350.000 € da consellería para o CPI de Vedra, di que son obras que dependen da consellería e os seus equipos técnicos. O concello está en permanente contacto con eles para poder executar as obras neste mesmo ano.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP.

1º.- Sobre o cálculo de horas de traballo respecto aos traballos realizados no arquivo di que xa está contestada.

Sobre o interese que ten o PSdeG-PSOE en botar merda enriba do grupo de goberno e terxiversar di que supón que nese momento o que quixo dicir era máis que nada unha disputa política entre o partido de goberno e a oposición.

2º.- Sobre a colocación de bandos nos paneis informativos das parroquias cando haxa algún tipo de actividades deportivas que supoñan o corte de camiños e estradas, a Presidencia di que lle consta que se poñen bandos cando hai cortes de vías. Tamén é certo que a colocación dos bandos, a publicación no facebook ou nos xornais non garante que todo o mundo se dea por informado e que tanto os organizadores como o concello intentan avisar todo o posible.

3º.- Sobre a colocación de trampas para a avespa velutina, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que se levan repartido 135 trampas e que se van repartir 15 máis nestes días.

4º.- Sobre a obra realizada en Gundián denunciada en decembro por un veciño, a Presidencia contesta que é unha denuncia dun particular polas obras de construción duns muros, un recheo e rampla de acceso. É nunha zona onde hai unha licenza para rehabilitación de vivenda existente para pensión e que conta tamén con autorización autonómica e de patrimonio. A denuncia dun particular é do 21/11/2017 e a resolución de alcaldía de paralización das obras e remitindo todo o expediente á APLU. O 5/12/2017 hai unhas alegacións da parte denunciada que tamén se remitiron á APLU. O 13/02/2018 hai un escrito da APLU requirindo copias de licenzas, etcétera.

Está todo o expediente na APLU.

5º.- Sobre o cobro por deixar residuos no punto limpo municipal, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que non lle consta que se cobre e a empresa comunicoulles que é falso. Así mesmo di que lle gustaría que se saberen de algunha persoa á que lle pasara ou lle estea pasando, que llo comuniquen porque é un tema grave e están preocupados por el.



6º.- Sobre as reformas do tellado do pavillón, a Presidencia contesta que as reformas destes anos fixéronlle moito ben. Respecto ao tellado, di que cando se cambiou, cambiáronse as pranchas transparentes non o resto. Ese tellado ten un problema que é que as patillas entre pranchas teñen pouco percorrido e non montan ben unhas nas outras, problema que vén de antigo, e calquera movemento pode ser prexudicial.

Recoñece que hai tres goteiras e el mesmo moitas mañás de choiva vai comprobalo. Di que mentres que non veñan dez ou quince días de bo tempo e boa temperatura non se pode acometer ningún arranxo.

En canto á condensación di que puido vela na entrada do pavillón pero non na pista. O envolvente que se lle fixo, fíxolle moito ben.

Di que houbo unha tarde e un día enteiro, en xornadas diferentes, nas que si houbo condensación na pista; pero cando ocorre aquí pasa en todos os lados. Cónstalle que hai equipos que xogan en Vedra e noutros lados, e lle teñen comentado a suspensión de partidos noutros lugares por condensación e en Vedra non. Por exemplo, este ano non se suspendeu por condensación ningunha xornada da liga de fútbol sala.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia responde:

1º.- Respecto ao procedemento de contratación da aplicación móbil “Vedra Activa”, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que foi mediante un contrato asinado entre ambas partes en base a un orzamento.

O Sr. Lago Lestón, concelleiro non adscrito di que iso se chama adxudicación directa e pídelle ao Sr. Secretario que se pronuncie ao respecto.

O Sr. Secretario di que polo importe dese contrato non hai problema en adxudicalo, nin antes nin agora.

2º.- Sobre a liquidación do orzamento do 2017 no que houbo un superávit de 10.000 € e na metade do ano a Presidencia falaba dun superávit de 100.000 €, a Presidencia contesta que a mesma palabra o di. É un pre- suposto. O importante son os niveis de execución que cre que son moi elevados.

3º.- Sobre a proposición de lei presentada no Parlamento de Galicia polo voceiro do PP, Pedro Puy, na que solicita ao goberno central que os concellos devolvan con cargo ao superávit a devolución da plusvalía a Presidencia sinala que por suposto están de acordo.

4º.- Respecto do proceso de contratación de asistencia técnica de urbanismo a Presidencia di que é un procedemento negociado sen publicidade.

5º.- Respecto do plan de defensa contra incendios, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP que di que está rematado aínda que máis tarde do que pretendían. Estaban pendentes da información que lles tiñan que enviar do distrito forestal de Ordes que tardou varios meses. Por fin chegou e xa se elaborou de acordo á nova Lei de incendios. Foi elaborado con recursos propios e coa colaboración e



asesoramento tanto para a redacción como para a actualización dunha empresa externa (Inteaga) e poden consultalo a partires da semana próxima.

6º.- Respecto á asunción de responsabilidades por parte do Sr. Vázquez Martínez do PP respecto aos traballos de organización do arquivo, este contesta que todo o que teña que ver sobre a estimación da carga de traballo deste proxecto.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que a pregunta viña precedida dunha resposta ao compañeiro do PSdeG-PSOE, na cal o concelleiro Enrique Vázquez asumía toda a responsabilidade nese asunto. A súa pregunta foi en que consiste a asunción de responsabilidades.

O Sr. Vázquez Martínez do PP di que xa a dá por respondida.

7º.- Respecto aos pregos de contratación da iluminación pública, a Presidencia di que pode nomear as empresas que queira pero non se fixo ningún traxe a medida de ninguén.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA a Presidencia responde:

1º.- Sobre a solicitude dunha pista para practicar skate no espazo do campo de fútbol de Vedra di que lle parece unha boa idea e que mirarán de habilitar un espazo para ese fin.

2º.- Respecto do Plan Especial de Ponte Ulla, a Presidencia responde que cre que confunde o que é o orzamento que custaría leva á practica todas as actuacións públicas dentro do Plan Especial de Ponte Ulla con que alguén comprometera en firme dito orzamento total. En calquera caso, espera que pronto remate todo o procedemento administrativo para poder empezar a levar a cabo ditas actuacións e poder acceder ás subvencións correspondentes. Así mesmo, obras complementarias como o aparcamento disuasorio xa están feitas.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA di que foi un conselleiro da Xunta de Galicia a Ponte Ulla e saíu publicado no xornal La Voz de Galicia.

A Presidencia cre que o conselleiro nunca prometeu os 700.000 €.

3º.- Respecto ao pagamento do contrato da iluminación pública se Vedra baixa dos 5.000 habitantes, A Presidencia contesta que levan sete anos dicindo que se vai baixar dos 5.000 habitantes e aínda non sucedeu. Está convencido, que no peor dos casos, os custes destinados no orzamento á iluminación pública, serán similares con contrato ou sen el. A diferenza está en que con esa adxudicación van ter unha iluminación nova, e sen el non a terían.

9º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta:

Resulta que a raíz da resposta que deu hoxe sobre a limpeza das casas de cultura observa que a única casa que limpa o concello é a de Santa Cruz de Ribadulla. Non lle



ve moita intención de cohesionar o concello, de xestionar e repartir os cartos equitativamente, aínda que entende que as parroquias teñen distintas necesidades; pero están a falar de edificios do concello de titularidade municipal. Di que collen malos vicios doutras administracións que tamén teñen que facerse cargo duns servizos, pero que mentres o faga o concello, non se fan eles responsable, como é o caso da limpeza de colexios e centros de saúde.

Entende que unha propiedade do concello debe limpala o concello e xa puxo de manifesto a xustificación co volume de actividades. “Excusata non petita, acusata manifesta”. Na casa de San Xián van usuarios particulares, asociacións sen ánimo de lucro que fan actividades organizadas polos veciños e limpan eles.

Observa que cada vez máis ven no boletín como actividades que se levaban a cabo en Vedra parroquia, que xa para moitos usuarios é difícil chegar a elas debido á non existencia de transporte interior no concello, agora trasládanse cada vez máis a Santa Cruz de Ribadulla; co que hai veciños que se ven obrigados a cruzar todo o concello para ir a unha actividade.

Manifesta que se sente indignada coa discriminación que fai o Alcalde e que se fai dende o concello cuns veciños e con outros; porque a uns límpaselle e a outros non. Di que se quere pode pedirlle aos veciños que limpen os espazos públicos e vaian rozar as cunetas. Espera que lle dea unha volta a isto e que decida se se limpan todas ou ningunha.

Intervén a Presidencia para manifestar que ten que facer unha análise, pero que cre que non están facendo nada que non fixera o goberno anterior. Antes falou de que se limpaban cando había actividades extraordinarias, como por exemplo agora nesta época por unha actividade concreta en San Miguel, e foise a limpar.

En Santa Cruz de Ribadulla cónstalle que van unha vez á semana porque se dan unhas circunstancias que non se dan noutros locais; ente elas o uso que fai o colexio, porque non hai outra casa de cultura que estea usando o colexio como salón de actos, biblioteca, etcétera, como lugar de actividade permanente. Ademais nesa casa de cultura hai algunha actividade municipal que xa vén de antes, non a puxo o actual Alcalde e tampouco a vai sacar.

Ao mellor hai que buscar como diversificar as actividades.

Respecto ao de limpar as cunetas di que vai haber que mirar onde se están investindo os cartos e que esixencias hai, porque as cousas non son gratis.

Intervén dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE para dicir que se refire á limpeza de espazos públicos, non de cunetas; e que tamén vén de antes o de que hai persoas en Santa Cruz de Ribadulla ás que se lles paga un taxei para ir ao centro de saúde a Vedra porque se pechou o consultorio que había nesa parroquia, e tamén se pechou o de San Xián e non hai ningún.

Sinala que non lles gusta que se fixera antes nin que se faga agora. O único que o pode resolver é o Alcalde, e cada vez hai máis actividades que se levan para Santa Cruz de Ribadulla, non só para a casa de cultura, senón para a casa da estación, etcétera.



En San Xián non se organiza nada por parte do concello e recórdalle a proposta que está enriba da mesa sobre a creación dunha senda peonil que comunique a casa de cultura de San Xián. Di que terá que facer algo para cohesionar o concello e non levar as actividades sempre para o mesmo sitio, porque os demais son veciños tamén.

2.- Respecto das obras do POS+ 2016 di que sempre se executan na segunda metade do ano seguinte e recórdalle que están no primeiro trimestre do ano 2018 e aínda non se empezou. Tíñase que executar na segunda metade do ano pasado e non se fixo e pregunta que foi o que pasou, porque segundo consta no perfil do contratante a arquitecta municipal asinou os proxectos en febreiro e o Alcalde adjudica a obra en novembro. As pistas xa estaban intransitables naquel momento e cada vez están peor.

--O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE formula o seguinte:

1º.- Quere comentar unha frase que acaba de pronunciar a Presidencia: “as cousas non son gratis”. Di que claro que non son gratis, e por iso pagan impostos, para que lles dean un servizo a todos os veciños. Se non son gratis, e custa facelas, pregunta por que non soben os impostos. Di que queren quedar ben diante dos veciños, e despois con catro “perras” que hai queren facer montes e moreas e así está o concello cheo de retallos por todos os lados e con obras sen rematar.

2º.- Pregunta quen vai cubrir a praza do Centro Social de Vedra en Semana Santa xa que lle consta que vai estar deserta ou se se vai pechar o centro.

3º.- A obra do campo de fútbol de Vedra leva seis meses parada, pregunta canto cobrou o arquitecto polo proxecto. Di que é un bo exemplo de como se están a facer as cousas porque estes días que choveu e está anegado, non sabía que a obra incluía unha piscina municipal.

Pregunta se a drenaxe da pista está instalada, e no caso de que estea roga que a revisen porque non pode encharcar como o fixo e esa auga pode influír negativamente no resto da obra.

4º.- Pregunta se se vai retomar a iniciativa “Doing business Galicia.

5º.- Como vai o tema de implantar unha cámara na fronte do pleno para gravar e transcribir os plenos, porque agora só se ve ao Sr. Vázquez Martínez e ao Sr. Cernadas Méndez. Recórdalle que é un compromiso adquirido xa hai tempo.

6º.- Respecto do pavillón di que o outro día falando con Ismael cónstalle e por iso lle dá os parabéns, que se solucionaron moitas cousas no pavillón. Gustaríalle que se mellorara o da zona húmida da entrada. Solicita que se solucione o tema da humidade e o das goteiras.

7º.- Roga que se corrixa as bases de contratación dun técnico de animación sociocultural publicadas na páxina web, onde aparece “ter 16 anos cumpridos” e “ter carné de conducir B1”. As dúas cousas ao mesmo tempo é imposible.



8º.- Roga que se implante unha intranet na web municipal á que poidan acceder os concelleiros mediante certificado dixital ou clave única e intransferible e na que se puidera colgar a documentación precisa para preparar os plenos, comisións, e outros informes de interese. Sería unha boa axuda á conciliación.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Antes de formular as cuestións quere facer fincapé sobre as dúas frases que deixou a Presidencia hoxe no pleno. Sobre a de “as cousas non son gratis” di que está totalmente de acordo.

Sobre a de “a xente terá que coller a legoña e empezar a limpar as cunetas” non está de acordo para nada.

Di que calquera das dúas procedentes do Alcalde e do seu goberno parécenlle un insulto, cando non hai tanto pagaron 7.500 € a unha persoa por un mes de traballo; ou pagar 4.300 € por unha aplicación móbil da que se fixeron unha ducia de descargas. Di que esa aplicación, obxecto dunha subvención, foi un proxecto levado a cabo con éxito para difundir as novas do concello e promover o uso do galego nos medios tecnolóxicos. Unha ducia de descargas e 4.300 €.

1º.- Pregunta polo Plan de Igualdade. Pídelle que dedique os recursos que sexan necesarios para elaboralo xa; porque levan case tres anos, dende o inicio da lexislatura, reiterándollo. Hai case un ano que acudiu á Valedora do Pobo para que intercedera e requiriuille en reiteradas ocasións que se puxeran con ese labor.

En reunións previas fíxolle unha serie de achegas, marcouse un prazo para que ese documento fose a comisión e pleno, e a día de hoxe están no punto de inicio.

Recórdalle as achegas de xeito resumido dicindo que no borrador presentado hai unha ausencia de correlación entre a avaliación do primeiro plan e ese borrador. Parece como se a avaliación dese primeiro plan fose con posterioridade á redacción dese borrador do segundo plan.

Por outro lado resulta que hai recomendacións que se introducen na avaliación do primeiro plan que non son contempladas no segundo, como a designación de unha persoa responsable de facer visible o emprego de linguaxe sexista e na avaliación dos baremos nos concursos públicos que introduza unha puntuación expresa ás empresas que teñan incorporadas na súa organización interna medidas de conciliación.

Tamén lle roga que teña en conta as achegas feitas ao respecto de que se desagregue o orzamento. Na avaliación do primeiro plan cualifícase este como pouco realista, xa que figuraba un orzamento para catro anos de 29.000 € que non se executou; e neste segundo, sen dar executado 29.000 € neses catro anos de vixencia do plan, propónse un orzamento de 141.000 € sen desagregar, polo que solicita que se concrete e determinen as partidas correspondentes e se introduzan esas medidas de acción positiva que constaban no primeiro e non no segundo.

2º.- Respecto ao campo de fútbol de Vedra xa lle preguntou en varias ocasións polas pozas que se forman na pista, e lémbrale que o proxecto contemplaba un asfalto que



drene, que teoricamente ten, pero que non funciona. Solicita que se arranxen eses danos e en todo caso que non se lle devolva o aval á empresa.

3º.- Respecto da aplicación móbil “Vedra Activa” recórdalle que ese contrato de adxudicación directa por importe de 4.300 € polo que se contratou a súa elaboración á empresa Eurosonofilm S.L. tivo unha ducia de descargas no período 2014/2015 e nunca foi actualizada.

Aproveitando ese traballo o concello botou mans dunhas subvencións da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de diversas modalidades: creación dun servizo lingüístico (que o concello non ten), mantemento e reforzo do servizo lingüístico (que non hai) ou desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente deste servizo, que parece ser que foi onde se puido encaixar). No seu momento xustificouse coa escusa de que era para o fomento da lingua.

O concello recibiu unha subvención de 2.000 € para esa aplicación móbil, e xustificouse tal subvención coa achega dunha factura e unha memoria xustificativa asinada polo Alcalde o 01/09/2014, na cal di “esta aplicación móbil obxecto desta subvención foi levada a cabo con éxito para difundir as novas do concello e promover o uso do galego nos medios tecnolóxicos”.

Pregunta se a Presidencia ratifica esa información e valoración, ou se cre que isto é un asunto instrumental para captar subvencións públicas.

4º.- Solicita que o Alcalde, na condición de Presidente das asociacións “Casa dos peóns” e “Amigos da Camelia” faga públicos os estatutos, actas e contas das mesmas; ao mesmo tempo que lle solicita ao Sr. Secretario un informe sobre a responsabilidade e vinculación do concello coas mesmas.

5º.- Ao inicio deste pleno os concelleiros recibiron o certificado de ingresos por parte do concello. É unha excelente oportunidade para que os concelleiros do grupo de goberno fagan públicos os seus ingresos totais por parte do concello, non só por asistencias a plenos, xuntas de goberno e comisións.

6º.- Respecto do pago da ocupación dos terreos da estrada de Sarandón, orzamentados no 2017, cónstalle que hai propietarios aínda sen cobrar. Pregunta se está esgotada a partida do 2017 e se vai con cargo ao ano 2018.

A Presidencia responde que non sabe se está esgotada ou non. Di que é unha cuestión máis de operatividade ca doutra cousa e non é un tema de partida orzamentaria.

7º.- Pregunta sobre o transporte público, porque esta semana saíu unha nova na prensa sobre os plans de transporte dos concellos da contorna de Santiago na que se citaban como concellos cun plan avanzado e un proposta clara do que demandaban, o concello de Teo e Ames. Tamén se citaba a Vedra, pero non por nada propio, senón como que se ía servir dalgún transporte anexo de Teo.

A Presidencia contesta que foi el o que solicitou esa reunión co Director Xeral, e parece que foi Teo. O primeiro contacto foi Teo e Vedra porque cas liñas que se cruzan é onde se pode mellorar e foi o que se presentou o outro día na reunión. O primeiro proxecto



que se redactou foi o de Teo e Vedra, que é sostible, interesante e vai mellorar moito toda a zona interior do concello.

Esa reunión solicitouna o Alcalde de Vedra e todos aqueles que tiñan relación con Teo. Tamén participou Boqueixón porque adiantáronlles que estaban a punto de presentar na consellería a parte que falta con Boqueixón.

Os departamentos de prensa dos concellos sacan a nova como lles parece. Nesa reunión estaban os concellos de Vedra, Teo, Ames, A Estrada, Padrón e Boqueixón.

Cre que era o momento perfecto para facelo porque o novo mapa de transporte será para finais do 2019 principios do 2020 e agora está na licitación do traballo para deseñar ese novo plan. Adiantáronse a presentarlle a súa proposta para que a estuden.

Está pendente o tema de Vedra con Boqueixón e houbo unha xuntanza en Santiago á que acudir o Sr. Lema Mougán, na que quedou claro que o transporte de Santiago ata a zona da Susana non vai variar. Agora están mirando con Boqueixón para tratar de mellorar esa proposta.

Considera que é un bo traballo feito por distintos partidos políticos da comarca e recoñece que a concelleira de Teo foi a que fixo un gran traballo ao respecto.

8º.- Reitéralle a pregunta ao Sr. Vázquez Martínez, do PP en que consiste a súa asunción de responsabilidades respecto a ese contrato de traballo por un importe de 7.500 € por un mes de traballo.

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta:

1º.- Que pasa co informe pendente sobre a quen lle corresponde o pago da depuradora de Bazar?

2º.- Está feita a auditoría enerxética realizada pola FAEPAC sobre edificios públicos municipais?

3º.- Está solicitada á Deputación a cesión de viais? Hai sete días non estaba feita a solicitude porque el mesmo preguntou na Deputación.

A Presidencia contesta que cre que si está feita e que mañá comprobarao.

4º.- Respecto ao pavillón municipal di que o concello ten un experto en patoloxía de edificacións, que é a apareladora, que é quen ten que facer a análise e informes. Roga que a envíe ao pavillón e o revise.

5º.- Sobre o tema da limpeza de cunetas por parte dos veciños, di que despois de oito anos de goberno propón iso porque non hai cartos no concello e hai uns meses dedicaron 300.000 € a poñer céspede artificial nos campos de fútbol. Cre que deben empezar a pensar onde están as prioridades do concello.



A Presidencia contesta que o dixo a nivel de reflexión, non que os veciños/as teñan que facelo. Di que o puxo como exemplo esaxerado para pensar onde están as prioridades.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA contéstalle que é o equipo de goberno o que ten que decidir onde se gastan os cartos.

6º.- Sobre o plan de transporte sinala que dende o concello de Vedra non se fixo nada. O traballo pertécelle integramente á concelleira de Teo e cre que non hai ningún concelleiro neste pleno capacitado para realizalo correctamente. Se algún dos concelleiros do grupo de goberno fixo ese traballo quere saber quen é.

A Presidencia responde dicindo que cre que a rivalidade política non debe ser óbice para falar e reconecer o traballo da concelleira de Teo. Sempre reconeceu o traballo desa concelleira, e así o fixo o outro día na reunión mantida na Dirección Xeral. Evidentemente ese traballo ten que ter unha coordinación co concello de Vedra porque lle afecta directamente (horarios, liñas, etcétera)

Repite que o primeiro acordo, as primeiras mesas e reunións foron entre os concellos de Teo e Vedra; e a reunión do outro día foi xestionada polo alcalde de Vedra en coordinación coa concelleira de Teo.

Intervén o Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE para aclarar que na súa primeira intervención non estaba pedindo que subiran os impostos.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos.